Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Casa do Verme de Doade

Pasou en Doade, Sober (Lugo), polo verán do ano 1931. Unha casa daquel lugar apareceu de repente chea de vermes brancos e gordos que andaban libremente polos cuartos. Tomaran os armarios, as camas, os mobles todos; os donos sacábanos a sacos e queimábanos pero cantos máis sacaban, máis aparecían.

Durante dez días foi así a cousa ata que mandaron chamar ó cura da parroquia; bendiciu a casa e acabouse todo.

O motivo polo que houbo semellante invasión explícase da seguinte maneira. Naquela mesma casa vivira un home que un día de San Pedro fora segar o pan coma se non fose día santo. Cando un veciño lle chamou a atención, el repuxo:

¡A min San Pedro non me vén gardar o pan se chove; así que vou segar e despois fago unha empanada e vou á festa!

E disque aínda engadiu un xuramento.

Foi segar e foi á festa, e cando se foi deitar ás doce da noite tiña a casa cheíña de vermes. Din que tivo que marchar dela; e que non regresou endexamais.

Isto si que é importante; a este home chamábanlle O Verme.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

RISCO, V., «Miscelánea folklórica», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Verme] , Xerais, Vigo, 1999.